

Praza número: 26/3002

Número de prazas: 2

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Enfermaría

Departamento: Ciencias da Saúde

Centro: Facultade de Enfermaría e Podoloxía

Vista a proposta formulada pola comisión encargada de xulgar o concurso para a provisión da praza indicada, e visto así mesmo o acordo adoptado pola Comisión de Reclamacións na súa sesión do 15.06.2026, polo que se ratifica a devandita proposta da comisión de selección.

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 126 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 94/2025, do 6 de outubro (DOG do 27 de outubro), e en aplicación do disposto no apartado 11 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 7 de novembro de 2024, resolve:

1. Asignar unha das prazas convocadas á concursante **ANDREA VILA FARIÑAS**.
2. Declarar concluído o procedemento e deserta a segunda das prazas convocadas.

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso ante a sección social do tribunal da instancia da Coruña de conformidade co establecido no artigo 2.n) da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da Xurisdición Social (BOE núm. 245 do 11.10.2011). Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, na data da sinatura electrónica

A vicerreitora de Profesorado por delegación do reitor

(RR 10/07/2024)

María Teresa López Fernández



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 15 de xuño de 2026, tomou o seguinte acordo en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 26/3002

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Área de coñecemento: Enfermaría

Departamento: Ciencias da Saúde

Centro: Facultade de Enfermaría e Podoloxía

Tras analizar a documentación da praza 26/3002, as alegacións realizadas por D. Pablo Saavedra Reinaldo na súa reclamación contra a proposta de provisión da citada praza e o informe da Comisión de selección, a Comisión de reclamacións, na súa reunión de 15 de xuño de 2026, acorda:

- ter en conta as alegacións realizadas polo reclamante contra a inclusión nos criterios de valoración da praza de criterios específicos non contemplados na *Normativa pola que se regula o procedemento para a selección do persoal docente e investigador* (aprobada en Consello de Goberno de 07/11/2024) e realizar as actuacións oportunas de cara a futuros procedementos
- ratificar a proposta da Comisión de selección, toda vez que a valoración dos méritos alegados polo reclamante non resultou afectada pola aplicación dos citados criterios
- facer público este acordo

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado
Teresa López Fernández